

achega efectuarase nos prazos establecidos neles. Unha vez requirida a presentación do poder orixinal, o incumprimento ou a súa achega extemporánea producirá os efectos previstos no número 3 deste artigo.»

**Artigo quinto.** *Modificación do Regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, aprobado polo Real decreto 1937/2004, do 27 de setembro.*

O Regulamento de execución da Lei 20/2003, do 7 de xullo, de protección xurídica do deseño industrial, aprobado polo Real decreto 1937/2004, do 27 de setembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. A alínea c) do número 1 do artigo 1 queda redactada do seguinte modo:

«c) No suposto de que o interesado actúe por si mesmo e non teña domicilio nin sede social en territorio do Estado español, deberá designar, para efectos de notificacións, un enderezo postal en España ou, alternativamente, indicar que as notificacións lle sexan dirixidas por correo electrónico ou por calquera outro medio técnico de comunicación de que dispoña a Oficina Española de Patentes e Marcas, sen prexuízo do disposto no artigo 155.2 da Lei 11/1986, do 20 de marzo, de patentes.»

Dous. O artigo 26 queda redactado do seguinte modo:

«1. A oposición non se admitirá:

a) Se o escrito de oposición non se presentou dentro do prazo previsto no artigo 24.1.

b) Se non se aboou a taxa de oposición.

c) Cando escrito de oposición non permita identificar inequivocamente o deseño contra o cal se formula oposición, a identidade do opoñente ou os motivos en que se funda, ou cando ningún dos invocados se encontre entre os referidos no artigo 33 da lei.

d) Cando non se presentase o poder de representación en prazo.

2. Nos supostos previstos nas letras b), c) e d) do número anterior daráselle ao opoñente a oportunidade de remediar os defectos ou presentar alegacións no prazo de dez días, e non se admitirá a oposición se aqueles persisten cando remate o dito prazo.

3. Se o escrito de oposición non se axusta aos demais requisitos previstos no artigo 25.1, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificaralle as irregularidades observadas ao opoñente para que no prazo dun mes as repare, con indicación de que, de non o facer así, se considerará que desiste da oposición. A resolución que poña fin ao procedemento pronunciarase, de forma expresa, sobre a circunstancia que dá lugar a que sexa tido por desistido.»

Tres. A disposición adicional segunda queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional segunda. *Representación.*

As normas contidas no artigo 56 do Regulamento para a execución da Lei 17/2001, do 7 de decembro, de marcas, aprobado por Real decreto 687/2002, do 12 de xullo, serán de aplicación á representación dos interesados en calquera dos procedementos e actuacións previstas nas normas reguladoras das distintas modalidades de propiedade industrial, así como noutros procedementos cuxa competencia recaia sobre a Oficina Española de Patentes e Marcas. Serán tamén aplicables a todas modalidades

de propiedade industrial as normas relativas á acreditación da representación a que se refiren os números 1, 2, 4, 5 e 6 do artigo 57 do mencionado regulamento.»

**Disposición transitoria única.** *Réxime aplicable aos procedementos.*

Os procedementos iniciados antes da data de entrada en vigor deste real decreto rexeranse pola normativa anterior.

Non obstante, o artigo 29 do Real decreto 2245/1986, do 10 de outubro, na súa nova redacción conforme o artigo primeiro número catro desta norma, aplicarase a todas as solicitudes de patente para as cales a petición de informe sobre o estado da técnica se realice con posterioridade á súa entrada en vigor.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia estatal exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade industrial, prevista no artigo 149. 1.9.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 29 de agosto de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**15042** *REAL DECRETO 1471/2008, do 5 de setembro, polo que se establece e regula a Rede de alerta para os pensos. («BOE» 224, do 16-9-2008.)*

A alimentación animal constitúe un elo esencial na cadea alimentaria con enorme transcendencia á hora de garantir a seguranza alimentaria, no cal conflúen numerosas actuacións administrativas, entre as cales está a comunicación de riscos, directos ou indirectos, para a saúde humana, a sanidade animal e o ambiente, entre as autoridades competentes, asociados ao consumo de pensos.

Con este fin, o artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguranza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguranza alimentaria, dispuxo a creación dun sistema de alerta rápida para os alimentos e pensos coñecido polas siglas RASFF.

Por outro lado, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 9 dispón que as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, establecerán e desenvolverán, de forma

coordinada, simulacros e exercicios de simulación de emerxencias sanitarias, tanto empíricas como en escenarios reais.

Este real decreto é, por tanto, un complemento indispensable para asegurar o mínimo común denominador establecido pola citada lei para garantir o perfeccionamento das estruturas sanitarias ao mesmo tempo que se garante a coordinación adecuada entre as autoridades competentes para cumprir coa obriga derivada do artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, anteriormente citado.

Co fin de dar satisfacción aos obxectivos e obrigas recollidos nas normas arriba citadas, este real decreto prevé a posta en práctica de medidas apropiadas a través da creación dun sistema de comunicación e intercambio de información entre as autoridades competentes no sector da alimentación animal que permita o intercambio de información para dar a coñecer a presenza de riscos asociados aos pensos que poidan afectar a saúde humana, a sanidade animal e o ambiente, así como a aprobación dun plan de emerxencia para os pensos.

A comunicación dos riscos citados asociados ao consumo de pensos sustentárase, integrárase e transmitírase a través da aplicación informática denominada «Sistema informático de rexistro de establecementos na alimentación animal» (SILUM), establecido no Real decreto 821/2008, do 16 de maio, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos e se establece o rexistro xeral de establecementos no sector da alimentación animal.

Esta disposición foi sometida á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Así mesmo, este real decreto dítase de conformidade co disposto na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e do ministro de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de setembro de 2008,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer e regular a Rede de alerta para os pensos, formada pola Rede de alerta rápida e o Plan de emerxencia na alimentación animal.

### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, serán aplicables as definicións establecidas no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 183/2005 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xaneiro, polo que se fixan os requisitos en materia de hixiene dos pensos, e no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

### Artigo 3. *Rede de alerta rápida para os pensos.*

1. Establécese un sistema nacional de intercambio rápido de información, en forma de rede entre as autoridades competentes e o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa finalidade de facilitar unha comunicación e intercambio rápido de información daquelas actuacións que se adopten en caso de riscos graves, directos ou indirectos, para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, derivados de calquera produto para a alimentación animal.

2. As autoridades competentes, ante a existencia dunha situación de risco de conformidade co punto anterior, deberán comunicar, coa maior brevidade posible, ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, polo menos, o seguinte:

a) Toda medida que adoptasen, en especial aquelas que supoñan unha limitación, restrición ou paralización das actividades dos establecementos das empresas de pensos.

b) Os requirimentos que dirixisen aos explotadores de empresas de pensos, sempre que estes inclúan unha recomendación da forma en que o órgano administrativo competente entende que debe ser emendado o incumprimento que xerou o risco.

c) As actuacións voluntarias que emprendesen os explotadores de empresas de pensos que vaian alén dos deberes impostos pola normativa aplicable no marco das medidas emprendidas ante a presenza dun risco directo, ou indirecto, para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, derivados de calquera produto para a alimentación animal.

d) Toda aquela información que permita realizar a rastrexabilidade do produto e determinar a orixe do risco para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, contendo como mínimo, o seguinte:

1.º A información que permita identificar o penso.

2.º Unha descrición do risco e os resultados de toda proba ou análise e as súas conclusións, que permitan avaliar a súa importancia.

3.º Segundo o que proceda, o carácter e a duración das medidas administrativas de reacción adoptadas.

4.º A información que se posúa sobre as cadeas de comercialización e sobre a distribución do penso, en particular, nas comunidades autónomas e nos países de destino e orixe.

5.º Toda a información pertinente que, de ser o caso, se puidese obter do tedor, produtor ou distribuidor do penso.

A comunicación irá acompañada dunha explicación pormenorizada das razóns da actuación emprendida polas autoridades competentes.

### Artigo 4. *Comunicación das medidas adoptadas no marco dos controis oficiais.*

1. Cando as autoridades competentes adopten algunha das medidas previstas no Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, ou outras que supoñan unha restrición da posta no mercado dos pensos e proceda a súa notificación a través da rede de alerta ou outra norma específica prescriba a dita notificación, comunicaranas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, coa maior brevidade posible. No caso de que o risco detectado sexa grave, a comunicación efectuarase de forma inmediata. Tamén se comunicará calquera modificación ou o levantamento das medidas adoptadas.

2. A Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros poderá solicitar ao órgano que remitiu a comunicación as aclaracións, emendas ou informacións adicionais necesarias.

### Artigo 5. *Outras comunicacións.*

1. Sen prexuízo do previsto nos artigos 3 e 4, tamén se deberá comunicar calquera circunstancia ou dato adi-

cional que se manifeste con posterioridade á primeira comunicación, en particular, a modificación, suspensión ou levantamento das medidas adoptadas no seu momento e as razóns que levasen a iso ou o achado de novos lotes.

2. Así mesmo, as autoridades competentes poderán tamén comunicar os datos de que dispoñan sobre a existencia dun risco, explicando, de ser o caso, os motivos polos que non adoptaron ningunha medida.

#### Artigo 6. *Comunicación ás autoridades competentes e á Unión Europea.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, tras recibir as informacións que se citan no artigo 3.2 e no artigo 5, transmitiraas inmediatamente ao resto de autoridades competentes e no caso de que tiver ou puiden ter un risco grave, directo ou indirecto, para a saúde humana, á Axencia Española de Seguranza Alimentaria e Nutrición.

Se o risco tiver implicacións para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, ou puiden resultar de interese o seu coñecemento no ámbito da Comunidade Europea, transmitiraas á Comisión Europea a través da Rede de alerta para os alimentos e pensos (RASFF), de conformidade co disposto no artigo 50 do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguranza Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguranza alimentaria.

2. Así mesmo, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, dará traslado ás autoridades competentes das comunicacións procedentes da Comisión Europea a través da RASFF, velando pola súa integridade.

3. As autoridades competentes comunicarán inmediatamente á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, para o seu traslado á Comisión Europea, se o produto foi comercializado no seu territorio, as medidas que, de ser o caso, adoptasen ou prevexan adoptar e toda información complementaria que obtivesen ao respecto.

#### Artigo 7. *Plan de emerxencia para a alimentación animal.*

1. A Comisión Nacional de Coordinación en Materia de Alimentación Animal prevista no artigo 9 do Real decreto 1144/2006, do 6 de outubro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de hixiene dos pensos, elaborará un plan de emerxencia para a alimentación animal e nel describiranse as medidas que se deberán aplicar sen demora cando se detecte que un penso entraña riscos directos, ou indirectos, para a saúde humana, a sanidade animal ou o ambiente, así como os circuitos de transmisión da información.

2. Así mesmo, a Comisión Nacional de Coordinación en Materia de Alimentación Animal revisará o plan referido no punto anterior, á vista das necesidades formuladas, en particular, en función da evolución das estruturas implicadas nos controis e da experiencia adquirida.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño comunicará á Comisión Europea, a través da canle correspondente, o Plan de emerxencia para a alimentación animal.

#### Artigo 8. *Coordinación.*

1. O responsable da coordinación da Rede de alerta para os pensos é o Ministerio de Medio Ambiente, e

Medio Rural e Mariño, a través da Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros.

2. O director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros será o punto de contacto da RASFF en España para os pensos.

3. Cada autoridade competente comunicará á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros o punto de contacto único do sistema de alerta para os pensos, que designe para tal efecto, así como os mecanismos que estableza para garantir a súa dispoñibilidade permanente.

4. Na aplicación informática denominada «Sistema informático de rexistro de establecementos na alimentación animal» (SILUM) residirán as actuacións e demais datos que deban compartir os membros que compoñen a Rede de alerta para os pensos.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## XEFATURA DO ESTADO

**15278** *REAL DECRETO LEI 4/2008, do 19 de setembro, sobre aboamento acumulado e de forma anticipada da prestación contributiva por desemprego a traballadores estranxeiros non comunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de orixe. («BOE» 228, do 20-9-2008.)*

A Lei xeral da Seguranza Social prevé a posibilidade de que se aboe, de forma anticipada e acumulada, o importe da prestación por desemprego de nivel contributivo a que teña dereito o traballador e que estea pendente de percibir, sempre que así o estableza un programa de fomento do emprego; neste sentido, regulamentariamente previuse a dita posibilidade de aboamento da prestación por desemprego cando o traballador desempregado se pretende constituír como traballador autónomo ou nos casos en que se vaia incorporar, de forma estable, como socio traballador ou de traballo en cooperativas ou en sociedades laborais.

As previsións normativas, aínda que permiten o aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento anticipado e acumulado cando a actividade profesional que vaia levar a cabo o traballador desempregado se realice en territorio español, non permiten un tratamento similar cando as expectativas de reinserción laboral ou profesional do traballador desempregado se prevén no país de orixe.

Este real decreto lei permitirá contar cun instrumento normativo que regule o aboamento da prestación por desemprego, de forma acumulada e anticipada, cando o